

PREGÓN DA FESTA DA LECTURA, DO LIBRO E DA PALABRA
INAUGURACIÓN DA FEIRA DE FERROL, 6 DE ABRIL DE 2011

Rosa Aneiros

Prezadas lectoras e lectores,

Moi boas e calorosas tardes, é un pracer para min poder compartir por fin con vós o pregón desta Festa da Lectura, do Libro e da Palabra.

FERROL 1916

Cinco duros pagábamos de aluguer.

Era um terceiro andar, bem folgado.

Pola parte de atrás dava para o Campinho,
e por diante para a rua de Sam Francisco.

No segundo vivia a minha tia aboa:

Tiña unha peza cheia de paxaros disecados
que só abría os días de festa
para que os nenos disfrutásemos nela.

Ainda vivia minha mãe

e todos os meus irmaos viviam,

e em frente trabalhava o senhor Pedro o tanoeiro,

e a grande tenda de efeitos navais mantinha o seu trafego.

Na casa tínhamos pombas
e, por suposto, un grande gato mouro;
e o mue pai era novo ainda
e no mar do mundo cada dia descubria eu unha ilha.

Via o mar da minha fiestra,
e chegavam cornetas da marinha.
E baixava os degraus duas veces ao dia para ir à escola,
e duas veces rubia-os de volta.

As mulheres entom usavam capa e *corsé*,
e íamos à aldeia em coche de cavalos,
e a rua estaba ateigada de pregons de sardinhas
e de ingleses que vendiam Bíblias.

Eu tinha un pacto con Deus:
que ninguén dos meus morreria.
E o pacto era observado,
e eu confiaba na perenidade do pacto.

Todo isto fica tam longe
que aduro podo ainda lembrá-lo.
Esqueceria-o dentro de pouco tempo
se non escribese estes versos.

Este é un fragmento dun poema de Carvalho Calero de quen celebramos o centenario do seu nacemento.

Poderíamos dicir tamén:

Temos a verba, amor, para decir: abril.
Sob as súas azas frolecerán os días.
Abril: o áer pousa unha cidade nas ponlas
das bidueiras de abril. O noso fogar é.

Viviremos, amor, decindo a verba,
queimádoa, ferídoa, labrádoa
tan doce e temerosamente que ela coide, palabra
abril,
que por nós vive, vivímola e soio é dita: abril

E falaríamos duns versos de Herba aquí ou acolá, obra de Álvaro Cunqueiro, de quen tamén celebramos a efeméride do seu aniversario.

É este, abril, o mes no que comezan as feiras, o mes onde as árbores locen escintilantes os seus abrollos acabados de estrear, o mes no que as páxinas dos libros acampan nas rúas, desafían a chuvia, adoecen coa calor. Pero o papel atura, as letras resisten o envite da intemperie para se achegar ás mans dos lectores e lectoras. Con Eliot, con Rosalía, con Lois Pereiro, con centos de autores e autoras que contan historias para nós, estreamos en Ferrol o mes de abril. E estreámolo porque os libeiros e as libeiras arrastran os seus vultos de

soños e nolos ofrecen como froita temperá para alimentar a ilusión e arredarnos da tristura. Da monotonía. Da friaxe da indiferenza.

Non é doado. Todos os días ao abrir o xornal, ao prender a radio, ao sintonizar o televisor, ao premer un enderezo en Internet recibimos un auténtico boureo de noticias relacionadas coa crise económica. Sabémolo porque nolo contan os medios pero tamén porque vivimos baixo a sombra alongada das penurias e das preocupacións por chegar a fin de mes. Fronte ao horizonte gris da apatía, e da desesperación os libros seguen ofrecéndonos portas abertas para a esperanza. Segue habendo un mundo agardando por nós en cada libro. Seguen querendo contarnos historias. Cousas do cotío, pulsos contra a tristura para facernos felices.

Por iso hoxe quixen traer comigo un ronsel de faíscas luminosas, un ronsel de esperanzas.

Escoitaron vostedes falar algunha vez dos Morcegos de Canido? Dos pantasma de papel de Neda? Do Sansaliber de San Sadurniño? Do Segrel de Neda? Dos siareiros de Sofía ou de Saturnino Hermida? Saben vostedes de que lles falo? Fálolles da gran revolución silenciosa que está a sacudir dende hai uns anos as bibliotecas públicas de Galicia, tanto as dos centros de ensino como aquelas municipais. Falo dos clubs de lectura. quen se interesa polos libros, dirán? Se á xente nova non lles gusta ler, pertencen á xeración nin-nin que nin estudan nin traballan nin unha cousa nin todo o contrario, esa xuventude tan formada e tan analfabeta para os libros... Trabúcanse. Nunca tanto se leu coma hoxe en día. Nunca houbo adolescentes con tanto acceso nin tanta implicación coa lectura. Actualmente están funcionando douscentos clubs de lectura en centros de secundaria en Galicia. Estes clubs acollen tanto a alumnado como a pais e nais que participan do coloquio, que comparten a extraordinaria experiencia lectora. Ademais destes douscentos centros están aqueles vinculados a bibliotecas municipais, tamén as que nacen ao abeiro dos centros de primaria. Só nos institutos hai en Galicia máis de cinco mil persoas que semana a semana partillan libros. Cinco mil. Pais, nais, alumnado que se enredan, que aman e odian, que medran, que coñecen a partir das páxinas dos libros. Non se conforman. Sempre queren máis. É por iso que non lles abonda con clubs, pequenos encontros nos centros públicos, nas aulas. Non, queren

máis. Todos os clubs reúnen fóra de horario lectivo, nos recreos, nas pausas do xantar, polas tardes... cando poden. Renuncian ao seu lecer privado por falar de libros. De libros! Pero xa non abonda cos libros en xeral, hai clubs de lectura de manga, de novela realista, de misterio, de ciencia ficción, de poesía... Xa non abonda coas reunións presenciais, teñen blogs nos que van avanzando os progresos nas lecturas, pónenlles música, vídeos, falan de arte, organizan excursións a escenarios literarios. Tampouco abonda xa coa experiencia dos compañeiros e compañeiras de aulas. Deciden reunirse na rúa, nos parques, nas bibliotecas, con membros doutros clubs e partillar escenas, personaxes, cancións, tramas, finais felices ou tristes, citas literarias.

Deamos unha voltiña por algúns dos clubs de lectura da contorna.

NO CLUB DE LECTURA DO SEGREL DE NEDA

Están a escoitar a música que abanea os libros, a arte que camiña polo medio e medio das páxinas, a Historia que arrola unha novela. Están a ler *El tiempo entre costuras* de María Dueñas, *A elegancia do ourizo*, de Muriel Barbery, *A praia dos afogados* de Domingo Villar,

NA BIBLIOTECA DE CATABOIS, Teñen non só un clube de lectura para rapaces senón tamén para adultos, e unha armónica de cristal que nos permite ir a chimpos pola historia e coñecermos as máis diversas e interesantes traxectorias musicais. Que leron os adultos? *La boda de Chon Recalde* de Torrente Ballester, *Fahrenheit 451* de Ray Bradbury ou *O neno co pixama a raias* de John Boyne, Tamén a Cunqueiro.

CLUB DE LECTURA DE SAN SADURNIÑO

Miguel Anxo Prado con *De profundis*. Tamén a Miguel Hernández.

BIBLIOTECA DO CLUB DE LECTURA DO SOFIA CASANOVA DE FERROL

Entre outros, Dan Brown, a Jean Marie Auel, Aldous Huxley, Ray Bradbury, Isaac Asímov... Neil Gaiman, Laura Gallego, J.R.R. Tolkien, Stephen King...

BIBLIOTECA "SATURNINO HERMIDA" DO I.E.S. CONCEPCIÓN ARENAL (FERROL).

El sueño del celta de Vargas Llosa, a Lois Pereiro, *Fin* de David Monteagudo, *Unha historia que non vou contar* de Cid Cabido ou *A intervención* de Teresa Moure

CLUB DE LECTURA DO IES Fernando Esquío NEDA, Pantasmas de papel

Le a Cornelia Funke, *La casa verde* de Vargas Llosa, Eduardo Mendoza, *A banda sen futuro* de Marilar Aleixandre..

CLUB DE LECTURA DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE FERROL.

Len a Domingo Villar, Bernard Schlink, Miguel Delibes, John Irving, Vicente Verdú, Gabriela Mistral, Curros Enríquez...

Saben que nos di O CLUBE DE LECTURA DO IES DE CANIDO?

Colegas, estamos a presentarvos o noso blog do Club De Lectura do IES Canido
FERROL.

Os libros están a desaparecer... das mans e as cabeciñas dos adolescentes de Galicia - Spain. Pero aquí estamos nós, Os Morceg@s, para depredar os libros de actualidade que realmente nos interesan.

Os seus libros? *O xiro postal, Porca Terra, O bosque dos raposos aforcados, Unha puta percorre europa, O club da calceta, Made in Galiza, O irmán do vento...*

Podería seguir navegando un e mil libros máis porque as lecturas son infinitas. Porque os clubs de lectura estanse a esprañar cunha forza vertixinosa que envolve e arrastra coma unha espiral a quen cae neles. É unha revolución silenciosa realmente extraordinaria.

Non é ruidosa, nin mediática, nin dolorosa, nin interesada, nin sanguenta, nin de profundo fedor a petróleo ou gas. Aquí, nestas aulas de esperanza, falan de libros, de historias que os sacoden, de novelas e poemas que andan e desandan nas súas cabezas inqueda. É a revolución da xente nova que nos estamos perdendo porque é máis doado desprezar os seus hábitos e dicir que tolean coa tele ou con Internet ca meternos no que de verdade eles aman. No que len. No que lles gusta. No que odian. No que de verdade os fai soñar. E saben quen promove e fai virar esta espiral? Eles e elas mesmas coa axuda do profesorado quen, sen ningún tipo de compensación curricular ou económica, entrega o seu esforzo, o seu tempo, en aprenderlles a voar.

Talvez as mozas e mozos sentiran, moito antes xa da súa saída mesmo antes da súa escrita, o bater poderoso do corazón de Stéphane Hessel quen, aos seus 93 e logo de vivir a barbarie nazi e a redacción da Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, publica un auténtico éxito de vendas en Francia que agora chega á lingua galega da man de Kalandraka e na tradución de Fernando Moreiras. A obra titúlase *Indignádevos!* Non é un panfleto, nin un opúsculo, é unha chamada á subversión, como todas as cartas de amor:

Unha carta de amor á Humanidade. Unha carta de amor á mocidade. El dilles aos novos:

<<Pero hai neste mundo cousas inaceptábeis, e para velas cómpre mirar e buscar. Eu dígolles aos mozos: buscade un pouco que atoparedes. A peor das actitudes é a indiferenza, dicir “non podo facerlle nada, xa me irei apañando”, ao comportarvos así perdedes un dos elementos esenciais que conforman o ser

humano, un dos seus compoñentes indispensábeis: a capacidade de indignación e o compromiso que implica>>.

Por iso, que este pregón sexa un convite a que fagan da súa revolución silenciosa estrondo, que abandonen os seus cuartos, que tomen a feira do libro, que deixen de ser invisibles. Porque non están sos nin soas. Somos milleiros os lectores e lectoras que seguimos amando os libros e desexando compartilos. Non somos unha minoría cativa. Non quedamos apampados coas pantallas da tele e do ordenador, seguimos tecendo historias na nosa cabeciña amasadas por outros. E esas historias bulirán a outras cabezas e de aí a outras. Esta revolución lectora é imparabile, non ten fronteiras nin límites agás a nosa vontade de formar parte dela. Por iso tomen a feira, fagan do seu silencio unha experiencia compartida, tendan a man cara aos libros, abran a porta a todas as historias que aínda están por coñecer. E lean, tan só iso, lean.

Ningunha crise poderá roubarnos iso. A capacidade de mergullar nun libro e mudar con el de realidade, de historia, de mundo. A capacidade de soñar.

Porque, como remata a mensaxe de Stéphane Hessel,

<<A todas e todos os que farán o século XXI, dicímoslles con afecto:

CREAR É RESISTIR

RESISTIR É CREAR>>

E, como di Manuel Rivas no seu extraordinario prólogo titulado A nova conquista do pan:

<<Hai na indignación de Stéphane unha certa felicidade insurxente das palabras. Tavez o selo da Resistencia. Talvez a sensación de revivir: un rescate asociado á esperanza. Talvez o non saberse soas, as palabras. O ser partilladas. Ao cabo, esta resma de papel vibrante é de estirpe libertaria e quixotesca e vén cara a nós mentres pregoa no galope: “Este libro é feliz pois vai buscarvos”>>.

Remato con Lois Pereiro, con ese cuspe de furia necesaria de quen celebramos este ano o Día das Letras Galegas pero, sobre todo, as súas ganas de vivir.

(Cunha bala calibre sete
sesenta e cinco
no peto máis pequeno do
vaqueiro, sei que
a miña vontade é decisiva para
escoller
o momento e o lugar. E
apálpoa cos dedos
a todas horas.)

Mala sorte

E por primeira vez desde que souben
que aínda respiraba e seguía vivo
sei o que é sentir medo a non estalo

Interrompido na mellor escea
cando estaba soñando un soño dérmico
de paixón e beleza
cunha serea distancia literaria e sabia

Só ela podía ser tan inoportuna
groseira inculta e pouco delicada
chamándome despois de ter sobrevivido
á comfortable atracción do fracaso
e saber dunha vez o que era a vida
amar e ser amado.

Eu repito: todos estes libros son felices porque veñen buscarvos.